

Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 201, do 9.2.1995.

Emendas, BOPG núm. 226, do 15.3.1995.

Debate de totalidade, DSPG núm. 53, do 21.3.1995.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 435, do 30.3.1996.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 443, do 15.4.1996.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 445, do 18.4.1996.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 96, do 23.4.1996.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 458, do 7.5.1996.

Diario Oficial de Galicia núm. 101, do 23.5.1996.

Boletín Oficial del Estado núm. 153, do 25.6.1996.

Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago

Desde o primeiro tercio do século IX, cando comeza a peregrinaxe á futura Compostela, vai nacer un camiño que co paso dos séculos vai converterse nun auténtico fenómeno de carácter histórico-cultural de relevancia universal. Xa «A Guía do Camiño» do *Codex Calixtinus* nos dá no século XII, por primeira vez, cumprida referencia escrita deste feito.

O Camiño de Santiago foi unha vía de comunicación, lugar de encontro de culturas e xerador dunha vida social e económica que deu lugar á formación de cidades e vilas e, consecuentemente, a unha transformación da paisaxe, trazos todos eles que o dotan desa impresionante riqueza cultural e histórica merecedora de respecto e protección.

O Camiño de Santiago amósase hoxe como un espacio ligado á idea de Europa. Por tódalas partes proliferan asociacións, confraternidades, confrarías, centros de estudos e institutos que teñen como finalidade o estudo e a difusión do feito xacobeo e a súa proxección na historia e cultura europeas.

Paralelamente, as perigrinacións volven cobrar vixencia. Razóns

espirituais, culturais, históricas, artísticas e incluso deportivas moven as persoas de tódalas nacionalidades e ideas a percorre-lo Camiño de Santiago ata Compostela.

A relevancia histórica, o movemento investigador e as peregrinacións, tal como xa queda descrito, xustifican o nacemento de recomendacións e normas de distinto ámbito territorial e institucional.

Así, no ámbito europeo, a Asemblea parlamentaria, o 28 de marzo de 1984, aprobou un proxecto de recomendación relativa ós itinerarios europeos de peregrinación, presentada pola Comisión de Cultura e Educación, que daría lugar á Recomendación 987, segundo o texto adoptado pola Comisión Permanente o 28 de xuño de 1984, e que cualificaría o Camiño de Santiago como primeiro itinerario cultural europeo.

Máis tarde, o 23 de outubro de 1987, o Consello de Europa producirá a declaración de Santiago de Compostela, que no seu último parágrafo volve manifesta-lo espírito de Europa: «... na fe que animou os peregrinos no decurso da historia e que os reuniu nun alento

común, por encima das diferencias e dos intereses nacionais, impúsenos tamén a nós nesta época, e particularmente á xente nova, a seguir percorrendo este camiño para construírmos unha sociedade fundada na tolerancia, no respecto ó outro, na liberdade e na solidariedade».

Máis tarde, volverá manifestarse o Consello de Europa, esta vez a través de nota da Secretaría Xeral, en data do 31 de marzo de 1989, preparada pola Dirección de Medio Ambiente e de Poderes Locais, para defini-las grandes liñas de acción no Camiño de Santiago.

A Comunidade Europea, na súa declaración dos ministros de Cultura, reunidos en Consello, o día 17 de maio de 1993, recoñece o Camiño como patrimonio cultural común europeo.

O Camiño acadará o seu universalismo coa declaración da UNESCO, do 11 de decembro de 1993, na que se recoñece como patrimonio universal da humanidade.

Por outra banda, as normas dadas pola Administración central do Estado, e polas comunidades autónomas, na última década, superan a centena, o que dá unha boa referencia do interese do Camiño de Santiago en todo o Estado.

Nesta mesma liña Galicia, que xa conta con abundante lexislación dispersa e de carácter regulamen-

tario, é consciente da necesidade dunha lexislación integradora do máximo rango, que preveña, por unha banda, os distintos aspectos do Camiño —culturais, monumentais, urbanísticos— e, por outra, a pluralidade de camiños con distinta relevancia histórico-cultural e, en consecuencia, con distinto nivel de protección, pero sempre tratando de mante-la súa integridade.

Aínda cando esta lei se refire a tódolos camiños que constituíron rutas de peregrinaxe a Santiago, a súa regulación céntrase, sobre todo, na protección da que foi vía fundamental, e hoxe con máis valor histórico e monumental, que é o chamado «Camiño francés», fixando para os restantes o nivel de protección que a Lei do patrimonio cultural prevé para os bens catalogados.

O título preliminar desta lei recolle a dita finalidade.

O título I dedícase á natureza do Camiño, o cal é cualificado como ben de interese cultural.

O título II trata da delimitación, deslinde e réxime urbanístico do Camiño, e nel establécense tamén as zonas laterais de protección.

O título III, relativo á conservación e protección do Camiño, respecta no seo dos poderes públicos galegos as competencias respectivas en canto á recuperación, conservación e mellora do seu itinerario, define o destino, os elementos funcionais, os usos e maila zona

de protección do contorno, e prevé por parte da Administración autonómica un Plan especial de protección e promoción do Camiño, ó cal quedarán vinculados tanto o planeamento municipal coma as normas subsidiarias provinciais do planeamento.

O título IV regula as infraccións e sancións, como acción pública para esixilo cumprimento do previsto nesta lei e no plan especial.

O título V, dedicado á promoción do Camiño, atribúelle á Administración autonómica a realización de todo tipo de actividades que teñen como finalidade o coñecemento e a difusión do patrimonio histórico-cultural ligado ó Camiño, así como habilita a Consellería de Cultura para colaborar cos entes locais, institucións públicas e privadas, asociacións, Igrexa católica e outras comunidades autónomas por onde discorra o Camiño, na súa promoción.

O título VI, e derradeiro desta lei, crea un Comité Asesor do Camiño de Santiago, coas funcións que se determinan na propia lei, se ben estas e a súa composición se determinarán regulamentariamente.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-

-Rei, a Lei de protección dos camiños de Santiago.

Título preliminar

Obxecto da lei

Artigo 1

1. A presente lei ten por obxecto a delimitación e regulación da conservación, uso e diferentes niveis de protección dos tramos dos camiños de Santiago que discorren por Galicia.

2. Para os efectos da presente lei, enténdese como Camiño de Santiago tódalas rutas históricas recoñecidas documentalmente.

3. A ruta principal, dentro do marco da presente lei, é o «Camiño francés», ben de interese cultural, segundo a delimitación do seu territorio histórico, recollida na Resolución do 12 de novembro de 1992 da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.

4. As outras rutas que se enmarcan na denominación xeral de «Camiño de Santiago» correspóndense coas actualmente coñecidas como «Camiño portugués», «Ruta da prata», «Camiño do norte», «Camiño de Fisterra», «Camiño inglés» e «Ruta do mar de Arousa e Ulla». A súa delimitación e deslinde realizarase de acordo co disposto na presente lei. Unha vez deslindadas, seralles aplicable a protección prevista na Lei do patrimonio cultural de Galicia para os

bens catalogados.

Título I

Da natureza do Camiño

Artigo 2

1. O Camiño de Santiago está constituído por vías de dominio e uso público, delimitadas de acordo co establecido na presente lei.

2. A natureza demanial do Camiño esténdese ós terreos que ocupa e ós seus elementos funcionais. Con independencia do proceso de delimitación do Camiño previsto nesta lei, a súa anchura virá constituída por unha franxa de polo menos tres metros nos casos en que fose necesaria a súa recuperación. Cando o Camiño discorra por pontes formará parte daquel o terreo ocupado polos soportes da estrutura.

3. Adquirirán igualmente natureza demanial os tramos que se vaian recuperando do Camiño histórico que estean aínda en mans privadas. Mentres non se recuperen constitúese unha servidume pública para o paso do Camiño sobre a propiedade privada dunha anchura de tres metros.

Artigo 3

1. Nos casos de execución de obras de infraestrutura nos que fose indispensable, por causa de forza maior ou interese social, ocupar algún tramo do Camiño, deberá preverse nos respectivos proxectos un trazado alternativo a

el, que adquirirá natureza demanial. No suposto de construción dunha estrada o devandito tramo alternativo discorrerá de forma paralela e próxima a esta, e reunirá semellantes características ó tramo ocupado.

2. A necesidade de ocupación dun tramo do Camiño polos motivos expostos no apartado anterior necesitará, previamente, a incoación do correspondente expediente administrativo, onde deberá acreditarse a existencia da devandita necesidade.

Artigo 4

O Camiño de Santiago constitúe un ben de dominio público de carácter cultural incluído na categoría de territorio histórico. Como tal seralle aplicable a lexislación xeral autonómica nesta materia.

Título II

Da delimitación, deslinde e réxime urbanístico do Camiño

Artigo 5

1. A delimitación do Camiño levarase a cabo mediante expediente incoado para o efecto, onde se definirá a anchura de acordo co artigo 2.2 desta lei e se concretarán as súas pertenzas, accesorios e características, así como as correspondentes zonas de protección.

2. Correspóndelle á Consellería

de Cultura a incoación dos procedementos de delimitación e deslinde dos tramos do Camiño de Santiago. A incoación do expediente de delimitación deberá serlles notificada ós concellos polos termos dos cales discorra o Camiño e anunciada no *Diario Oficial de Galicia*.

3. No procedemento de delimitación do Camiño deberá intervir preceptivamente o Comité Asesor do Camiño de Santiago previsto na presente lei. Antes da súa aprobación, a delimitación do trazado do Camiño deberá ser sometida a información pública por un prazo de dous meses.

4. A delimitación do Camiño será aprobada mediante decreto da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Cultura.

5. A delimitación do Camiño, unha vez aprobada, levará implícita a declaración de interese social e a de necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos para os fins de expropiación forzosa, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.

Artigo 6

1. Igualmente, e seguindo o procedemento previsto no artigo anterior, deberán delimitarse as correspondentes zonas laterais de protección do Camiño, que consistirán en dúas franxas de terreo a ámbolos dous lados del dunha anchura mínima de tres metros a

partir da súa liña exterior, agás naqueles tramos en que discorra tanxencialmente a unha estrada. Neste caso a zona lateral de protección de tres metros establecera-se para a beira do Camiño oposta á estrada.

2. As zonas laterais de protección do Camiño están sometidas ás limitacións establecidas na presente lei.

3. Nos tramos urbanos do Camiño, os instrumentos de ordenación urbanística someteranse ás normas específicas que a presente lei establece para as zonas laterais de protección. Considéranse tramos urbanos aqueles que discorran polo solo cualificado de urbano polo correspondente instrumento de planeamento.

Artigo 7

A Xunta de Galicia regulará por vía regulamentaria o procedemento de deslinde.

Título III

Da conservación e protección do Camiño

Artigo 8

1. Os poderes públicos galegos, dentro das súas respectivas competencias, garantirán a recuperación, conservación, mellora e protección do Camiño e de tódolos seus elementos funcionais.

2. As administracións locais

cooperarán cos órganos da Xunta de Galicia na conservación e protección dos tramos do Camiño que discorran polos seus respectivos territorios, adoptando as medidas oportunas que eviten a súa deterioración ou destrución. En todo caso, os concellos notificaránlle á Consellería de Cultura calquera perigo de dano que se produza no Camiño.

3. A Xunta de Galicia poderá delegar nas entidades locais polas que discorra o Camiño funcións de conservación e protección deste, asignando as dotacións oportunas.

4. Naquelas accións que se realicen no patrimonio arquitectónico e monumental situado no Camiño de Santiago terase en conta a garantía do ulterior mantemento dos monumentos restaurados, cando non sexan de titularidade pública, en función do seu uso.

5. No caso dos bens citados no punto anterior, unha vez restaurados eses bens, a Consellería de Cultura garantirá a súa utilización pública para o uso dos peregrinos que percorran o Camiño, logo de acordo cos propietarios deles cando os houbese.

Artigo 9

1. O destino do Camiño será o dun sendeiro peonil, destino que será compatible coa súa utilización como vía ecuestre ou como vía para vehículos sen motor. En ningún caso tanto a utilización do Camiño coma a dos seus elemen-

tos funcionais poderán supoñer un perigo de destrución ou deterioración nin realizarse de forma incompatible cos valores que encerra.

2. Constitúen elementos funcionais do Camiño os afectos á conservación ou ó servizo del, tales como áreas de descanso, áreas de auxilio e atención médica de urxencia, sinalizacións, albergues de peregrinos e, en xeral, todos aqueles que sexan complementarios á súa utilización.

Artigo 10

1. O Camiño, nos seus tramos non urbanos, non poderá ser utilizado para o tráfico rodado de vehículos de motor, calquera que sexa a súa natureza.

2. A prohibición contida no apartado anterior non será aplicable naqueles casos nos que o Camiño sexa o directo vial de acceso a eidos e vivendas. En todo caso, e a través dos correspondentes procedementos de concentración parcelaria ou de expropiación forzosa, deberanse ir arbitrando paulatinamente accesos a eidos e vivendas que eviten a utilización de tramos do Camiño para o tráfico rodado.

Artigo 11

1. Nas zonas laterais de protección previstas no artigo 6.1 desta lei non se permitirán máis usos cós que sexan compatibles coa conservación do Camiño, logo de autori-

zación expresa, en calquera caso, da Consellería de Cultura.

2. En particular, nas zonas laterais de protección quedará prohibido:

a) O establecemento de campamentos e, en xeral, calquera tipo de acampada colectiva ou individual.

b) Todo tipo de actividade constructiva, agás as infraestructuras previstas no artigo 3.

c) As explotacións propias das estradas.

d) A corta de arboredo. Coa autorización expresa da Consellería de Cultura, poderá permitirse a corta illada de árbores, coa obriga de compensa-la corta coa plantación inmediata de especies autóctonas.

Artigo 12

O resto das actividades nas zonas laterais de protección requirirá a autorización da Consellería de Cultura, logo do informe preceptivo do Comité Asesor do Camiño de Santiago.

Artigo 13

1. A Consellería de Cultura ordenará a paralización de toda actividade ou obra non autorizada ou que non se axuste ás condicións establecidas na autorización.

2. No prazo de dous meses a partir da orde de paralización de toda actividade, a Consellería de

Cultura deberá adoptar, logo de informe preceptivo do Comité Asesor do Camiño de Santiago, algunhas das resolucións seguintes:

a) Derruba-las obras ou impedir definitivamente as actividades non autorizadas ou non axustadas ás condicións establecidas na autorización.

b) Ordena-la instrucción do oportuno expediente para a eventual legalización das obras ou a autorización das actividades, sempre que fosen compatibles co disposto nesta lei e na demais lexislación aplicable.

Artigo 14

Nas zonas laterais de protección poderá procederse á expropiación forzosa dos bens existentes, entendéndose implícita a declaración de interese social sempre que a expropiación sexa condición necesaria para a conservación, reparación, ampliación ou servizo do Camiño.

Artigo 15

O incumprimento das obrigas e prohibicións previstas nesta lei para as zonas laterais de protección do Camiño implicará a declaración de interese social para os efectos de aplicación da expropiación forzosa ós bens a que se refire o artigo anterior.

Artigo 16

1. Co fin de salvagarda-lo

Camiño, en canto ben de interese cultural, establécese unha zona de protección do contorno, composta por dúas franxas de trinta metros de ancho, contados a partir dos límites exteriores del, na que o uso do solo quedará sometido á autorización da Consellería de Cultura, logo de informe preceptivo do Comité Asesor do Camiño de Santiago.

2. A autorización á que se refire o parágrafo anterior unicamente poderá outorgarse cando as actuacións respondan ás características tradicionais da zona e respecten os valores do Camiño.

3. En calquera caso, na zona de protección do contorno queda prohibido:

- a) Todo tipo de publicidade.
- b) A explotación mineira.
- c) A extracción de grava e area.

4. Nas zonas de protección a Consellería competente poderá levar a cabo unha ordenación espacial mesmo das explotacións agrarias afectas polo Camiño.

5. Para calquera actuación sobre o Camiño de Santiago terase en conta o disposto na lexislación de avaliación de impacto ambiental.

Artigo 17

1. A Consellería de Cultura redactará, no marco desta lei, un Plan especial de protección e promoción do Camiño de Santia-

go, e nel daráselles audiencia a tódolos concellos polos que discorra. O devandito plan deberá ser previamente informado polo Comité Asesor do Camiño de Santiago previsto na presente lei e será aprobado polo Consello da Xunta.

2. A obrigatoriedade do Plan especial de protección e promoción do Camiño non poderá escusarse na preexistencia doutro planeamento, calquera que sexa a súa natureza.

Os plans especiais que os concellos afectados poidan redactar con vistas á ordenación do tramo do Camiño de Santiago que discorra polo seu territorio deberán adaptarse ó Plan especial de protección e promoción previsto no presente artigo.

Artigo 18

1. O planeamento municipal e, se é o caso, as normas subsidiarias provinciais do planeamento deben incorporar nas súas determinacións e documentos o disposto na presente lei e no Plan de protección e promoción do Camiño de Santiago.

2. O outorgamento de licencias municipais para actividades autorizables que afecten o Camiño de Santiago, as súas zonas laterais de protección e maila zona de protección do contorno precisará da previa resolución da Consellería de Cultura, logo do informe preceptivo do Comité Asesor do Camiño

de Santiago. Xa que logo, non poderá outorgarse a licenza ata que a autorización lle sexa notificada ó Concello.

3. En todo caso, non se permitirán nas zonas laterais de protección nin na de protección do contorno novas aliñacións nin aumentos da edificabilidade.

Artigo 19

Será pública a acción para esixir perante os órganos administrativos competentes o cumprimento do previsto nesta lei e no Plan especial de protección e promoción.

Título IV

Das infraccións e sancións

Artigo 20

1. Sen prexuízo do previsto na lexislación sobre patrimonio cultural, a vulneración das obrigas e prohibicións contidas na presente lei e no Plan especial de protección e promoción terá a consideración de infracción administrativa. Levará consigo a imposición das correspondentes sancións ós responsables, así como a obriga de resarcimento de danos e perdas, todo isto con independencia das responsabilidades penais que puidesen derivarse e da obriga de restauración do Camiño ou das súas zonas laterais de protección.

2. As infraccións cometidas no Camiño ou nas súas zonas laterais

de protección sancionaranse con multas das que se graduará a súa contía tendo en conta a gravidade do dano, a entidade económica dos feitos constitutivos da infracción, a reiteración, as circunstancias concorrentes e o grao de responsabilidade da persoa ou persoas infractoras. Os límites cuantitativos son os establecidos na Lei do patrimonio cultural de Galicia.

Artigo 21

As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

1. Teñen o carácter de infraccións moi graves:

a) Toda actuación que supoña a destrución de parte do Camiño ou dos seus elementos funcionais, incluído o arboredo.

b) A falta de autorización preceptiva ou o incumprimento das condicións previstas nela, naquelas actividades que se realicen no Camiño ou nas súas zonas de protección. Todo isto, con independencia do previsto no artigo 13.2.b) desta lei.

c) A realización de actividades prohibidas nas zonas laterais de protección do Camiño previstas no artigo 11.2 desta lei.

d) A infracción das prohibicións establecidas no artigo 16.

e) A reincidencia na comisión de infraccións graves.

2. Teñen o carácter de infrac-

cións graves:

a) A utilización do Camiño para o tráfico rodado fóra do suposto previsto no artigo 10.2 desta lei.

b) A reincidencia na comisión de infraccións leves.

3. Teñen o carácter de infraccións leves:

a) O vertido ou abandono no Camiño ou nas súas zonas de protección de obxectos, residuos e outros desperdicios fóra dos lugares autorizados, así como a queima destes.

b) A utilización do Camiño que atentase ó uso e gozo pleno e pacífico del polas demais persoas.

c) A realización de actividades contrarias ós valores do Camiño.

Artigo 22

Para os efectos do disposto no artigo anterior enténdese que hai reincidencia cando no período de un ano se cometesen dúas ou máis infraccións graves ou leves, e así fose declarado por resolución firme.

Artigo 23

As faltas ás que se refiren os artigos anteriores prescribirán:

- a) As moi graves, ós tres anos.
- b) As graves, ós dous anos.
- c) As leves, ós seis meses.

Estes prazos contaránse desde que se tivo coñecemento do feito.

Artigo 24

Os órganos competentes para a imposición de multas serán os seguintes:

a) O director xeral do Patrimonio en canto ás faltas leves.

b) O conselleiro de Cultura nas graves.

c) O Consello da Xunta nas moi graves.

Artigo 25

No non previsto neste artigo será aplicable o disposto no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na normativa autonómica de desenvolvemento dela.

Título V

Da promoción do Camiño

Artigo 26

Correspóndelle á Consellería de Cultura a realización de todo tipo de actividades de promoción que teñan como obxectivo o coñecemento e a difusión do patrimonio histórico-cultural ligado ó Camiño de Santiago.

Artigo 27

1. No marco da promoción do

Camiño de Santiago, a Consellería de Cultura e, se é o caso, o Consello da Xunta procurarán o establecemento dos oportunos mecanismos de colaboración e coordinación de programas coas comunidades autónomas por onde discorra este.

2. O Consello da Xunta poderá acordar beneficios e incentivos a favor dos concellos e particulares afectados pola política protectora e de promoción do Camiño, e constituír consorcios e subscribir convenios con outras administracións públicas.

3. A través dos mecanismos de cooperación con outras comunidades, procurarase unha sinalización uniforme do Camiño seguindo as directrices do Consello de Europa, tendo en conta os seguintes criterios:

a) A rotulación dentro do territorio de Galicia farase en galego. No caso de utilización de varios idiomas, terá aquel lugar preferente na orde de colocación e maior relevancia na dimensión tipográfica.

b) Fóra do territorio galego, promoveranse os acordos oportunos para que o noso idioma figure na rotulación e se expresen de forma correcta os topónimos.

Artigo 28

A Consellería de Cultura elaborará anualmente unhas directrices de actuación que recollan as acti-

vidades de promoción do Camiño que pretenda levar a cabo.

Artigo 29

É competencia da Consellería de Cultura:

a) O establecemento, a conservación e o mantemento de toda clase de servicios á peregrinaxe ó longo dos tramos galegos do Camiño de Santiago.

b) O establecemento da sinalización adecuada do Camiño.

c) O establecemento e a organización dunha rede de albergues de aloxamento gratuíto e xestión directa destinados á peregrinaxe; e poderá igualmente establecerse un sistema de apoio a albergues e hospederías que teñan carácter privado.

Título VI

Do Comité Asesor do Camiño de Santiago

Artigo 30

1. Créase, como órgano consultivo da Consellería de Cultura, o Comité Asesor do Camiño de Santiago para que emita os informes que se sinalan nos artigos 3, 5, 12, 13, 16 e 17 desta lei e cantos outros se lle soliciten.

2. O Comité Asesor, composto por dez membros como máximo, será designado entre persoas de recoñecida competencia na materia.

Disposición adicional

Dentro do prazo máximo de dous anos a partir da entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galicia aprobará o Plan especial de protección e promoción do Camiño de Santiago ó que se refire o artigo 17 desta lei.

Disposición transitoria primeira

Mentres non se aprobe o expediente de delimitación do Camiño, e sen prexuízo das zonas de protección establecidas por esta lei, seguirá estando vixente a delimitación establecida pola Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental do 12 de novembro de 1992.

Disposición transitoria segunda

O Comité Asesor do Camiño de Santiago previsto no título VI da presente lei deberá constituírse dentro dun prazo máximo de un ano a partir da entrada en vigor desta. Mentres tal constitución non se leve a cabo, as funcións que esta lei lle atribúe ó

devandito Comité Asesor serán desempeñadas provisionalmente pola Comisión do Patrimonio Histórico da Cidade e Camiño de Santiago.

Disposición transitoria terceira

Mentres non se aprobe o Plan especial de protección e promoción previsto na presente lei, nas zonas laterais de protección e nas de protección do contomo non se permitirán novas aliñacións, aumentos de edificabilidade, parcelacións nin agregacións.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 32/1991, de creación do Centro Coordinador Xacobeo, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido na presente lei.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 1996

Manuel Fraga Iribarne
Presidente